



CULLEREDO
CONCELLO

Culleredo O Xalo

O Xalo, é o gran pulmón verde da área metropolitana da Coruña, un miradoiro excepcional desde o que se poden contemplar as paisaxes da comarca das Mariñas, as de Ferrolterra, as Terras de Bergantiños e as de Ordes... Esta barreira natural entre a costa atlántica e o interior da provincia de A Coruña, é un espazo extraordinario e único onde gozar da beleza da natureza.

O Xalo, es el gran pulmón verde del área metropolitana de A Coruña, un mirador excepcional desde el que se pueden contemplar los paisajes de la comarca de As Mariñas, las de Ferrolterra, las Terras de Bergantiños y las de Ordes... Esta barrera natural entre la costa atlántica y el interior de la provincia de A Coruña, es un espacio extraordinario y único donde disfrutar de la belleza de la naturaleza.



O miradoiro do Golfo Ártabro

Fai milleiros de anos, entre a área xistosa de Ordes e a de A Laracha produciuse unha gran intrusión de magma procedente do interior da Terra. Ese afloramento, O Xalo, que axuda aos expertos a entender e explicar a historia xeolóxica da nosa comarca, ten tamén un enorme interese patrimonial.

Hace miles de años, entre el área esquistosa de Ordes y la de A Laracha se produjo una gran intrusión de magma con origen en el interior de la Tierra. Ese afloramiento, O Xalo, que ayuda a los expertos a entender y explicar la historia geológica de nuestra comarca, tiene también un enorme interés patrimonial.

Os Montes do Xalo, cos seus máis de 500 mts de altitude, delimitan a transición entre a comarca das Mariñas e as de Bergantiños e Ordes, constituíndo o límite natural suroeste do territorio do Golfo Ártabro.

Los Montes de O Xalo, con sus más de 500 mts de altitud, delimitan el área de transición entre la comarca de As Mariñas y las de Bergantiños y Ordes, constituyendo el límite natural sudoeste del territorio del Golfo Ártabro.



Patrimonio xeolóxico

No Xalo, atopámonos cunha antoloxía de formas que a natureza tardou milleiros de anos en labrar. Algunhas confúndense coas mámoas prehistóricas que os veciños bautizaron con nomes asociados aos usos, as lendas e ao imaxinario popular.

En el Xalo, nos encontramos con una antología de formas que la naturaleza tardó miles de años en esculpir. Algunas se confunden con las *mámoas* prehistóricas que fueron bautizadas por los vecinos con nombres asociados a los usos, las leyendas y al imaginario popular.



As Picudas, a Pedra do Vello, O Sombreiro, a Pena dos Corvos, a Igrexa dos Mouros, a Porta do Inferno, a pedra do Rastro, a Pena Gallada, a do Tesouro, a da Cadea de Ouro, son algúns dos microtopónimos que vixiados polo Petón do Xalo, axudan a ver e a entender as formas e a historia desta paisaxe.

As Picudas, Pedra do Vello, O Sombreiro, Pena dos Corvos, Igrexa dos Mouros, Porta do Inferno, Pedra do Rastro, Pena Gallada, O Tesouro, la de A Cadea de Ouro, son alguno de los microtopónimos que vigilados por el Petón do Xalo, ayudan a ver y a entender las formas y la historia de este paisaje.

Auga e paisaxe

Infinidade de mananciais abastecen de auga aos veciños e alimentan os cursos que regan o Val da Veiga, interrompen o seu camiño ata a ría para mover as rodas de muiños como os do Rego das Xesteiras.

Infinidad de manantiales abastecen de auga a los vecinos y alimentan los cursos que riegan el Valle de *A Veiga*, interrumpen su camino hasta la ría para mover las ruedas de molinos como los del *Rego das Xesteiras*.

Nas áreas húmidas atopan un hábitat excepcional unha ampla variedade de insectos e anfibios, algúns deles endémicos que precisan de especial protección.

En las áreas húmedas, encuentran un hábitat excepcional una amplia variedad de insectos y anfibios, algunos de ellos endémicos que precisan de especial protección.



O impresionante mosaico de cor das toxeias, queirogais e fentos que en cada estación tapiza as ladeiras do monte, serve de refuxio a infinidade de insectos, pequenos polinizadores e pequenos mamíferos que contribúen a manter o equilibrio ecolóxico da contorna.

O impresionante mosaico de color de tojaes, brezales y helechos que en cada estación tapiza las laderas del monte, sirve de refugio a infinidad de insectos, pequeños polinizadores y pequeños mamíferos que contribuyen a mantener el equilibrio ecológico del entorno.

Patrimonio forestal

Os Montes do Xalo e os de Castelo, son montes veciñais en mán común, propiedade colectiva dos veciños das parroquias de Santa María de Celas e da de Santiago de Castelo respectivamente.

Los Montes do Xalo y los de Castelo, son montes vecinales en mano común, propiedad colectiva de los vecinos de las parroquias de Santa María de Celas y de la Santiago de Castelo.



Bosques de piñeiros e eucaliptos, de carballos, castiñeiros, abeleiras, bidueiros e cerdeiras, son exemplo da xestión e explotación ordenada dun espazo forestal. Tamén, da relación entre home e medio que desde tempo inmemorial existe nesta propiedade comunal.

Bosques de pinos y eucaliptos, de robles, castaños, avellanos, abedules y cerezos, son ejemplo de la gestión y explotación ordenada de un espacio forestal. También de la relación entre hombre y medio que desde tiempo inmemorial existe en esta propiedad comunal.



Turismo activo

Sendeirismo, trail, escalada, roteiros BTT, a caballo, saídas micolóxicas, observación de estrelas, de aves... O Xalo é un lugar ideal onde practicar turismo activo e respectuoso coa natureza.

Senderismo, trail, escalada, rutas BTT, a caballo, salidas micológicas, observación de estrelas, de aves... O Xalo es un lugar ideal donde practicar un turismo activo y respetuoso con la naturaleza.



Cómo chegar?

